

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO (EXPTE. REF. 12-2017). APERTURA SOBRE B.


Sendo as 13:00 horas do día 11 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- don Justo Díaz Rodríguez, adxunto do servizo de Urbanismo, actuando como Asesor Xurídico.
- dona María Baza Poudereux, técnico do Servizo de Intervención, actuando como representante do interventor municipal.
- dona Carmen Flores Pardo, xefa so Servizo de Medio Ambiente.
- dona Cristina Bermúdez Gómez, do Servizo de Contratación, actuando como Secretaria.

Abre a sesión o Sr. Presidente dando conta das empresas que se presentaron a licitación e facendo constar que a documentación administrativa presentada pola empresa Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A. no trámite de subsanación é correcta, procedendo seguidamente a apertura do sobre B (criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor) de cada unha das catro empresas presentadas á licitación. Tras a lectura, a xeito de resumo, dos aspectos máis relevantes que conteñen ditas propostas, referidos á calidade no emprego, aos sistemas de xestión ambiental, á aplicación da norma europea esixida, ao programa de actuación e ao plan de formación, os membros da mesa acordan solicitar os informes técnicos para a súa avaliación que deberán emitir os técnicos dos servizos de Intervención e Contratación en canto á calidade no emprego e plan de formación e á farmacéutica municipal en canto aos restantes aspectos avaliados mediante xuízo de valor, con carácter previo á apertura do sobre C) que contén a oferta económica.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE,



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,



Asdo.: Cristina Bermúdez Gómez.

